



## Concello de Lourenzá

### ACTA

| Expediente núm.                    | Órgano Colexiado           |
|------------------------------------|----------------------------|
| JGL/2025/4                         | La Junta de Gobierno Local |
| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN |                            |

**Tipo Convocatoria:**

Extraordinaria

Motivo: «APROBACION URXENTE DE BASES DE CONTRATACIÓN»

**Data:**

4 de abril de 2025

**Duración:**

Desde las 10:13 hasta las 11:01

**Lugar:**

Despacho da Alcaldía

**Presidida por:**

JAVIER HUERTAS OTERO

**Secretario:**

ANA BARREIRO GOMEZ

| ASISTENCIA Á SESIÓN    |                       |        |
|------------------------|-----------------------|--------|
| Núm. de identificación | Nome e Apelidos       | Asiste |
| 33321327P              | JAVIER HUERTAS OTERO  | SÍ     |
| 71865319W              | MANUEL ARANGO RON     | SÍ     |
| 77593740C              | Mercedes Dengra Sixto | SÍ     |
| 76580879X              | ROCIO LOPEZ GARCIA    | NON    |

**Escusas de asistencia presentadas:**

1. ROCIO LOPEZ GARCIA:

«BAIXA POR MATERNIDADE»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

| A) PARTE RESOLUTIVA                                                       |                                           |
|---------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------|
| APROBACIÓN SE PROCEDE, DA MC5/2025 INCORPORACION DE REMANENTES DE CREDITO |                                           |
| Favorable                                                                 | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |

### Resolución:

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU aprobar a seguinte proposta de Alcaldía:

“Apreciada a necesidade e urxencia de incrementar a aplicación correspondente aos Capítulos do Orzamento prorrogado de Gastos da Entidade Local que de seguido se relacionan, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros ACORDA:

- Aprobar o expediente de modificación orzamentaria n.º 5/2025, de incorporación de remanentes de créditos do orzamento prorrogado de gastos que se corresponden con gastos financiados con ingresos afectados ou ben/e son gastos comprometidos no exercicio anterior, co seguinte desglose:

Altas nas aplicacións de Gastos

| APLICACION | DENOMINACIÓN                                      | CONTÍA €  |
|------------|---------------------------------------------------|-----------|
| 170.131    | LABORAL TEMPORAL                                  | 10.457,29 |
| 170.160    | CUOTAS SOCIALES                                   | 3.812,75  |
| 136.131    | LABORAL TEMPORAL                                  | 6.032,80  |
| 136.160    | LABORAL TEMPORAL                                  | 3.037,63  |
| 453.619    | OTRAS INV.REPOSICION INFRAESTRUC.,BIENES USO GRAL | 80.914,23 |
| 454.619    | OTRAS INV.REPOSICION INFRAESTRUC.,BIENES USO GRAL | 40.704,50 |
| 150.619    | OTRAS INV.REPOSICION INFRAESTRUC.,BIENES USO GRAL | 9.135,00  |





## Concello de Lourenzá

|                            |                                                   |           |
|----------------------------|---------------------------------------------------|-----------|
| 172.629                    | OTRA INV. NUEVAS ASOCIADAS AL FUNCIONAMIENTO SERV | 50.478,93 |
| 150.160                    | CUOTAS SOCIALES                                   | 338,35    |
| 150.78                     | A FAMILIAS E INSTITUCIONES SIN FINES DE LUCRO     | 16.333,11 |
| TOTAL GASTOS 221.244,59 €. |                                                   |           |

Altas nas aplicacións de Ingresos

| APLICACION                   | DENOMINACIÓN                                                 | CONTÍA €   |
|------------------------------|--------------------------------------------------------------|------------|
| 870.10                       | Remanente de Tesorería para Gastos con Financiación Afectada | 18.543,78  |
| 870.00                       | Remanente de Tesorería para Gastos Generales                 | 26.918,41  |
| 461                          | DE DIPUTACIONES, CONSEJOS O CABILDOS                         | 14.270,04  |
| 761                          | DE DIPUTACIONES, CONSEJOS O CABILDOS                         | 126.197,36 |
| 750                          | DE LA ADMINISTRACION GENERAL DE LAS CC.AA.                   | 35.315,00  |
| TOTAL INGRESOS 221.244,59 €. |                                                              |            |

A Modificación de crédito proposta pola contía de 221.244,59 euros financíase con cargo os excesos de financiación (RTGFA) afectados ós Remanentes que se pretenden incorporar pola contía de 18.543,78 euros, con Remanente de Tesoureria para gastos xerais pola contía de 26.918,41 e con compromisos firmes de aportación (Axuda PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 (140.467,40 euros) e a Axuda do AGADER 2024/2025 da Xunta de Galicia( 35.315,00 euros) afectados os remanentes que se pretende incorporar.

**APROBACIÓN SE PROCEDE, DE BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DUN POSTO DE TRACTORISTA E UN PEÓN DE LIMPEZA POR CONCURSO-OPOSICIÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO INCLUÍDO NO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024**

|                  |                                                  |
|------------------|--------------------------------------------------|
| <b>Favorable</b> | <b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento |
|------------------|--------------------------------------------------|

### Resolución:

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU aprobar a seguinte:

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

D<sup>o</sup>. JAVIER HUERTAS OTERO, ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE LOURENZÁ (LUGO),

*Visto que o Pleno da Deputación, en sesión ordinaria celebrada o 26/03/2024, aprobou o Plan Provincial Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, no que se inclúe o programa de Reforzo do emprego 2024, solicitado polo Concello de Lourenzá.*

*Esta Alcaldía, PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria do proceso de selección convocado para a contratación de traballadores desempregados en réxime laboral temporal: 1 Tractorista e 1 Peón de Limpeza en xeral, polo sistema de concurso-oposición, ao abeiro do programa de Reforzo do Emprego incluído no Plan PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 de Excma. Deputación Provincial de Lugo, que se incorporan como anexo.*

*SEGUNDO.- Proceder á convocatoria, segundo as bases anteriores, para o proceso de selección de traballadores desempregados en réxime laboral temporal de: 1 Tractorista e 1 Peón de Limpeza en xeral, polo sistema de concurso-oposición, ao abeiro do programa de Reforzo do Emprego incluído no Plan PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 de Excma. Deputación Provincial de Lugo.*

*TERCEIRO.- Que as modalidades contractuais e as retribucións salariais brutas dos traballadores e traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e máis as cotizacións empresariais á Seguridade Social, son as seguintes:*

**TRACTORISTA:**

- **Modalidade e duración contractual:** persoal laboral para contrato temporal (por circunstancias da produción) por unha duración de seis meses e a xornada completa, vinculado ao programa de reforzo do emprego 2024 financiado pola Deputación Provincial de Lugo.
- **Desglose custo salarial:**

| NÚ | GRU | CUPA | CNAE | CUSTO UNITARIO |  | CUSTOS TOTAIS |
|----|-----|------|------|----------------|--|---------------|
|----|-----|------|------|----------------|--|---------------|

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

| M. TR AB . | PO COTI ZAC. SEG. SOC. | CIÓN          | 2009<br>(4 díxito s) /ou OCUP ACIÓN (letra ) | MENSUAL              |                            |                              |                        | INDEM NIZACI ÓN FIN DE CONTRATO | DURA CIÓN CONT RATO EN MESE S | TIPO XOR NAD A % | CUST OS SALA RIAIS TOTA I S |
|------------|------------------------|---------------|----------------------------------------------|----------------------|----------------------------|------------------------------|------------------------|---------------------------------|-------------------------------|------------------|-----------------------------|
|            |                        |               |                                              | SAL ARI O BRU TO (1) | % COTA PATR ONAL SEG. SOC. | COTA PATR ONAL Á SEG.S OCIAL | TOT AL CUST O MEN SUAL |                                 |                               |                  |                             |
| 1          | 8                      | TRAC TORIS TA | 8411                                         | 1.38 1,33 €          | 38,47 %                    | 531,4 0 €                    | 1.912 ,73 €            | 276,27 €                        | 6                             | 100 %            | 11.75 2,65€                 |

### PEON DE LIMPEZA:

- **Modalidade e duración contractual:** persoal laboral para contrato temporal (por circunstancias da produción) por unha duración de seis meses e a xornada completa, vinculado ao programa de reforzo do emprego 2024 financiado pola Deputación Provincial de Lugo.
- **Desglose custo salarial:**

| NÚ M. TR AB . | GRU PO COTI ZAC. SEG. SOC. | CUP ACIÓN | CNAE 2009<br>(4 díxito s) /ou OCUP ACIÓN | CUSTO UNITARIO MENSUAL |                            |                              |                        | INDEM NIZACI ÓN FIN DE CONTRATO | CUSTOS TOTAIS                 |                  |                             |
|---------------|----------------------------|-----------|------------------------------------------|------------------------|----------------------------|------------------------------|------------------------|---------------------------------|-------------------------------|------------------|-----------------------------|
|               |                            |           |                                          | SAL ARI O BRU TO (1)   | % COTA PATR ONAL SEG. SOC. | COTA PATR ONAL Á SEG.S OCIAL | TOT AL CUST O MEN SUAL |                                 | DURA CIÓN CONT RATO EN MESE S | TIPO XOR NAD A % | CUST OS SALA RIAIS TOTA I S |





## Concello de Lourenzá

|   |    |                                  | (letra           |                   |            |             | SUAL           | ATO         | S |          | S              |
|---|----|----------------------------------|------------------|-------------------|------------|-------------|----------------|-------------|---|----------|----------------|
| 1 | 10 | PERS<br>OAL<br>DE<br>LIMP<br>EZA | )<br>8411<br>(G) | 1.38<br>1,33<br>€ | 35,37<br>% | 488,58<br>€ | 1.869<br>,91 € | 276,27<br>€ | 6 | 100<br>% | 11.49<br>5,73€ |

CUARTO.- Darlle publicidade a esta convocatoria a través da Páxina Web do Concello de Lourenzá, no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina Web da Deputación de Lugo e mediante un anuncio de dita convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, segundo as bases da convocatoria.

QUINTO.- Facultar ao Sr. Alcalde en funcións, D<sup>o</sup>. Javier Huertas Otero, para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

É a miña proposta, non obstante a Xunta de Goberno Local acordará o que estime procedente en Lourenzá, a 01 de Abril de 2025.

### ANEXO

**BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DE: UN/HA TRACTORISTA E UN/HA PEON DE LIMPEZA, PARA O CONCELLO DE LOURENZÁ, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACION DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS ENTRE O CONCELLO DE LOURENZÁ E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO 2024)**

#### **PRIMEIRA.—OBJECTO, NORMA DE APLICACIÓN E REQUISITOS XERAIS.**

O obxecto das presentes bases consiste na regulación do procedemento que se levará a cabo para a selección de persoal para prestar servizos no Concello de Lourenzá de un/ha Tractorista e un/ha peón de limpeza, polo sistema de concurso-oposición, ao abeiro do programa de reforzo do emprego incluído no Plan Deputación de cooperación cos concellos 2024 de Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Por parte do Concello de Lourenzá, vista a necesidade de prestación de servizos esenciais que se





## Concello de Lourenzá

*declaran prioritarios, vaise proceder á convocatoria e posterior contratación de dous traballadores/as para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social, de conformidade coa normativa aplicable, sempre que se cumpran cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, no que respecta ao programa de Reforzo do Emprego para o período 2024-2025, publicadas no BOP núm. 006, do 08 de Xaneiro de 2024.*

*As obras, servizos e actividades a executar deberán ser prestados polo propio Concello, como entidade beneficiaria, en réxime de execución pola propia administración.*

*Deberán favorecer na súa execución ou prestación a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se van contratar.*

*As obras ou servizos deberán ser prestados ou executados no territorio municipal.*

*Responder a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia e eficiencia.*

*Que esas necesidades afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas particulares, dacordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza e, tamén, as que permitan asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de goberno e de dar cumprimento as distintas normativas xerais ou sectoriais de aplicación.*

*Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección de persoal mediante concurso-oposición e posterior contratación en réxime laboral temporal de duración determinada para o Concello de Lourenzá, ao abeiro do acordo co sinalado no Plan Deputación de Cooperación cos Concellos formalizado entre o propio Concello de Lourenzá e a Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego baixo o “Programa de reforzo do emprego 2024”.*

*A convocatoria publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá e na páxina Web ([www.concellodelourenza.gal](http://www.concellodelourenza.gal)), na páxina de Deputación Provincial de Lugo ([www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)), mediante un anuncio de dita convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.*

*As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberán estar inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia na ocupación correspondente a*





## Concello de Lourenzá

*cada posto.*

*É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do Concello.*

*O Servizo Público de Emprego de Galicia mandará ao Concello de Lourenzá unha relación de candidatos que serán convocados ao proceso selectivo, previa presentación das diferentes ofertas por parte do Concello de Lourenzá.*

*Este posto encádranse no Programa de Reforzo do Emprego financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo.*

*Este plan creouse para a realización de programas de dinamización económica, mediante a contratación de traballadores en situación de desemprego ou de mellora de emprego, para a execución de obras ou a prestación de servizos de competencia municipal que contribúan ao desenvolvemento económico e social do Concello, en especial, dos seus habitantes.*

### SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABAJO LABORAL CONVOCADOS.

*O número de postos de traballo que se convocan nestas bases, a súa denominación e características relaciónanse de seguido:*

| Nº DE PRAZAS | OCUPACION       | GRUPO DE COTIZACIÓN |
|--------------|-----------------|---------------------|
| 1            | TRACTORISTA     | 8                   |
| 1            | PEON DE LIMPEZA | 10                  |

#### TRACTORISTA:

- **Data prevista lanzamento oferta:** Día seguinte hábil ao da publicación do anuncio desta convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- **Titulación:** Graduado Escolar, certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.
- **Modalidade e duración contractual:** persoal laboral para contrato temporal (por circunstancias da produción) por unha duración de seis meses e a xornada completa, vinculado ao programa de reforzo do emprego 2024 financiado pola Deputación Provincial de Lugo.





## Concello de Lourenzá

---

- *Carné de conducir: C.*

**Funcións:** O posto de traballo forma parte do cadro de persoal do Concello de Lourenzá e as funcións que ten encomendadas, a título enunciativo, son as seguintes:

- *Mantemento xeral de zonas verdes:*
- *Realización de desbroces co tractor e desbrozadora de man en estradas e camiños.*
- *Levar a cabo o mantemento e conservación do tractor, así como os seus apeiros.*
- *Condución dos vehículos e maquinaria que lle sexan asignados, co manexo dos mecanismos que estes conteñan.*
- *Realización das tarefas relacionadas co vehículo asignado: obras de acondicionamento de firmes, abrir zanzas, rebaixes, parcheos, desencombro, limpeza e desbroce de cunetas, transporte de materiais, cortalumes, abastecemento, etc.*
- *Acondicionamento e no seu caso, sinalización da carga.*
- *Carga e descarga dos materiais transportados.*
- *Mantemento e conservación básica do vehículo ao seu cargo (comprobación de niveis, pilotos, filtros, recambio de pezas sinxelas para as que non sexa precisa a intervención dun mecánico profesional, etc.), trasladando o vehículo ao taller para as reparacións cando sexa preciso.*
- *Utilización das ferramentas e materiais precisos.*
- *Labores de xardinería en zonas verdes de propiedade municipal.*
- *Labores de limpeza de espazos verdes.*
- *Execución de parques e xardíns.*
- *Rego.*
- *Eliminación de malezas e basura.*
- *Coidado e arranxo de parques, xardíns e macetas, espazos públicos e zonas de ocio, así como pequenas obras de reparación destes e do mobiliario urbano municipal.*
- *Coñecer e aplicar a normativa e procedementos de seguridade establecidos.*

o Mantemento do arborado viario

- *Labores de poda e saneamento no arborado viario e de parques.*
- *Tratamentos fitosanitarios*





## Concello de Lourenzá

- *Plantación e reposición*
- *Labores forestais e de preservación e protección do medio ambiente.*
- *Calquera outra que se desprenda dos diferentes servizos municipais e acorde coa súa cualificación, non relacionada anteriormente, que lle encomende a autoridade municipal no exercicio das súas funcións.*
- *Esta praza está suxeita a flexibilidade de horario.*
- **Retribucións:** *O/A aspirante seleccionado/a e contratado/a percibirán as retribucións segundo o seguinte desglose:*

| NÚ<br>M.<br>TR<br>AB. | GRUP<br>O<br>COTI<br>ZAC.<br>SEG.S<br>OC. | CUPA<br>CIÓN        | CNAE<br>2009 (4<br>díxitos)<br>/ou<br>OCUPA<br>CIÓN<br>(letra) | CUSTO UNITARIO<br>MENSUAL       |                                           |                                          |                                       | INDEM<br>NIZACI<br>ÓN FIN<br>DE<br>CONTR<br>ATO | CUSTOS TOTAIS                                   |                          |                                       |
|-----------------------|-------------------------------------------|---------------------|----------------------------------------------------------------|---------------------------------|-------------------------------------------|------------------------------------------|---------------------------------------|-------------------------------------------------|-------------------------------------------------|--------------------------|---------------------------------------|
|                       |                                           |                     |                                                                | SALA<br>RIO<br>BRU<br>TO<br>(1) | %<br>COTA<br>PATR<br>ONAL<br>SEG.<br>SOC. | COTA<br>PATRO<br>NAL Á<br>SEG.S<br>OCIAL | TOTA<br>L<br>CUST<br>O<br>MENS<br>UAL |                                                 | DURA<br>CIÓN<br>CONT<br>RATO<br>EN<br>MESE<br>S | TIPO<br>XORN<br>ADA<br>% | CUSTO<br>S<br>SALAR<br>IAIS<br>TOTAIS |
| 1                     | 8                                         | TRACT<br>ORIST<br>A | 8411                                                           | 1.381,<br>33<br>€               | 38,47<br>%                                | 531,40<br>€                              | 1.912,<br>73 €                        | 276,27 €                                        | 6                                               | 100 %                    | 11.752,<br>65€                        |

### PEON DE LIMPEZA:

- **Data prevista lanzamento oferta:** *Día seguinte hábil ao da publicación do anuncio desta convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.*
- **Titulación:** *Graduado Escolar, certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.*
- **Modalidade e duración contractual:** *persoal laboral para contrato temporal (por circunstancias da produción) por unha duración de seis meses e a xornada completa, vinculado ao programa de reforzo do emprego 2024 financiado pola Deputación Provincial de Lugo.*
- **Carné de conducir:** *B.*

**Funcións:** *O posto de traballo forma parte do cadro de persoal do Concello de Lourenzá e as*





## Concello de Lourenzá

funcións que ten encomendadas, a título enunciativo, son as seguintes:

- *Limpeza de rúas e beirarúas, prazas e camiños co instrumental facilitado.*
- *Recoller a basura e residuos xerados no servizo de limpeza viaria.*
- *Recoller e limpar as papeleiras así como colocar as bolsas de clasificación que correspondan.*
- *Asumir a responsabilidade do estado de limpeza da zona que diariamente lle corresponda.*
- *Limpeza de xardíns e parques, recollendo e extraendo dos mesmos a sucidade existente.*
- *Limpeza de alcantarillas, rejillas e arquetas.*
- *Quitar herbas.*
- *Limpar os servizos públicos.*
- *Limpeza dos diferentes barrios.*
- *Manter e coidar as ferramentas e útiles facilitados.*
- *Limpeza, mantemento e coidado dos edificios e instalacións municipais.*
- *Calquera outra que se desprenda dos diferentes servizos municipais e acorde coa súa cualificación, non relacionada anteriormente, que lle encomende a autoridade municipal no exercicio das súas funcións.*
- *Esta praza está suxeita a flexibilidade de horario.*
- **Retribucións:** *O/A aspirante seleccionado/a e contratado/a percibirán as retribucións segundo o seguinte desglose:*

| NÚ<br>M.<br>TR<br>AB. | GRU<br>PO<br>COTI<br>ZAC.<br>SEG.S<br>OC. | CUPA<br>CIÓN | CNAE<br>2009 (4<br>díxitos)<br>/ou<br>OCUPA<br>CIÓN<br>(letra) | CUSTO UNITARIO<br>MENSUAL       |                                           |                                          |                                       | INDEM<br>NIZACI<br>ÓN FIN<br>DE<br>CONTR<br>ATO | CUSTOS TOTAIS                               |                          |                                       |
|-----------------------|-------------------------------------------|--------------|----------------------------------------------------------------|---------------------------------|-------------------------------------------|------------------------------------------|---------------------------------------|-------------------------------------------------|---------------------------------------------|--------------------------|---------------------------------------|
|                       |                                           |              |                                                                | SALA<br>RIO<br>BRU<br>TO<br>(1) | %<br>COTA<br>PATR<br>ONAL<br>SEG.<br>SOC. | COTA<br>PATRO<br>NAL Á<br>SEG.SO<br>CIAL | TOTA<br>L<br>CUST<br>O<br>MENS<br>UAL |                                                 | DURA<br>CIÓN<br>CONT<br>RATO<br>EN<br>MESES | TIPO<br>XORN<br>ADA<br>% | CUSTO<br>S<br>SALAR<br>IAIS<br>TOTAIS |
| 1                     | 10                                        | PERS<br>OAL  | 8411<br>(G)                                                    | 1.381,<br>33                    | 35,37<br>%                                | 488,58 €                                 | 1.869,<br>91 €                        | 276,27 €                                        | 6                                           | 100 %                    | 11.495,<br>73€                        |





## Concello de Lourenzá

|  |  |      |  |   |  |  |  |  |  |  |  |
|--|--|------|--|---|--|--|--|--|--|--|--|
|  |  | DE   |  |   |  |  |  |  |  |  |  |
|  |  | LIMP |  | € |  |  |  |  |  |  |  |
|  |  | EZA  |  |   |  |  |  |  |  |  |  |

### TERCEIRA. NORMATIVA APLICABLE

Ás probas selectivas, no non previsto nas presentes bases, resultará de aplicación o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como o disposto no artigo 61 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante EBEP). Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente e que non se opoñan ao disposto no EBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Bases reguladoras do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, no que respecta ao programa de Reforzo do Emprego para o período 2024-2025, publicadas no BOP núm. 006, do 08 de Xaneiro de 2024.
- Demais disposicións aplicables.





## Concello de Lourenzá

### CUARTA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. *Con carácter xeral os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación da solicitude e que estean debidamente xustificadas para poder tomar parte nas probas de selección:*

1. *Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no Artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de Outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*
2. *Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto.*
3. *Ter cumpridos dezoito anos e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.*
4. *Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do posto.*

*A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. As/os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas e especificando tales adaptacións.*

1. *Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*
2. *Non atoparse incurso/a nas causas de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente.*
3. *No caso de persoas con discapacidade, deberán ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.*
4. *Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.*
5. *Estar en posesión do Carné de Conducir tipo C.*
6. *Posuír a titulación académica esixida nestas bases en cada posto. No caso de alegar equivalencias de títulos achegarase o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o*





## Concello de Lourenzá

*documento que acredite fehacientemente a súa homologación.*

7. Os candidatos deberán acreditar estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa (criterio incluído nas bases reguladoras do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, no que respecta ao programa de Reforzo do Emprego para o período 2024-2025, publicadas no BOP núm. 006, do 08 de Xaneiro de 2024.)

### QUINTA.—CONVOCATORIA

1.—As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberán estar inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia na ocupación correspondente a cada posto.

2.- É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

3. — O Servizo Público de Emprego de Galicia mandará ao Concello de Lourenzá unha relación de candidatos que serán convocados ao proceso selectivo, previa presentación das diferentes ofertas por parte do Concello de Lourenzá.

4.- As persoas convocadas terán un prazo de 3 días hábiles dende que reciban a carta da convocatoria ou a chamada do Concello, para presentar nas dependencias municipais toda a documentación requirida.

A instancia, modelo Anexo I, dirixida á Sra. Alcaldesa do Concello de Lourenzá, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do emprego convocado ao que se opta e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

A instancia xunto coa documentación xustificativa deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Lourenzá ou mediante algunha das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común do Sector Público.

### SEXTA.— DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1. A carta da convocatoria ou curriculum vitae aportado polo SEPE.
2. Fotocopia dos documentos acreditativos da nacionalidade do aspirante: DNI, pasaporte,





## Concello de Lourenzá

*tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no Artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de Outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*

3. *Fotocopia do título académico esixido en cada caso.*
4. *Fotocopia do permiso de conducir.*
5. *Acreditación do grao de discapacidade, de ser o caso.*
6. *Xustificante de estar anotado na Oficina de Emprego como demandante de emprego.*
7. *Documentos que acrediten debidamente os méritos.*
8. *Declaración xurada sobre os seguintes aspectos:*
  - *Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.*
  - *Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.*
  - *Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.*

### *FORMA DE ACREDITAR OS MÉRITOS:*

*Deberán presentarse, dentro do prazo de presentación de documentación, as copias dos documentos que acrediten os méritos alegados para poder ser puntuados conforme ao baremo.*

*Deberanse acompañar as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación con cada praza convocada.*

*Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.*

*A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de documentación xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.*

### **3. DOCUMENTOS A PRESENTAR PARA XUSTIFICAR AS ACREDITACIÓNS DOS DISTINTOS APARTADOS DO BAREMO.**

#### **4. Experiencia:**

*En tódolos casos deberá presentarse obrigatoriamente o informe de vida laboral actualizado,*





## Concello de Lourenzá

---

*expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.*

*Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación de servizos prestados expedida polo organismo correspondente, contratos de traballo ou nóminas nos que se acredite o emprego desempeñado e as funcións e tarefas realizadas.*

*Estes documentos poden substituírse por un certificado de servizos expedido pola administración ou empresa privada, no que quede acreditado de forma clara e expresa, a ocupación, grupo de cotización, período traballado e número de horas da xornada laboral.*

*No caso de autónomos, acreditarán a experiencia mediante o informe de vida laboral, así como o xustificante de alta no IAE, contrato de arrendamento de servizos, declaración responsable ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade realizada e o tempo de duración da mesma.*

### **2. Titulacións académicas e cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares relacionadas coas funcións do posto ao que se opta.**

*Presentarase copia do correspondente diploma acreditativo das titulacións académicas, cursos, estudos, xornadas, masters ou similares no que debe constar a duración do curso en horas e, como mínimo, o título do mesmo ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.*

*Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.*

### **3. Idioma galego.**

*Acreditarase mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competente.*

### **4. Idioma estranxeiro (só no caso do técnico/a ou informador/a turístico/a)**

*Acreditarase mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competente.*

*Coa presentación da documentación para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.*

## **SETIMA. ADMISIÓN DE SOLICITUDES.**

*Rematado o prazo de presentación de instancias, a alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas e, de ser o caso, causa de exclusión, concedendo un prazo de tres días hábiles para a subsanación. Dado o carácter urxente, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral do concello*





## Concello de Lourenzá

*deberá ser comunicada por correo electrónico dentro do prazo de tres días hábiles sinalado anteriormente. As reclamacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional. O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento dos interesados, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.*

*As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución da alcaldía aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se fará pública no taboleiro de anuncios da entidade e na páxina web.*

### **OITAVA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR**

*O Tribunal Cualificador será designados pola Alcaldía e estará constituído por:*

- *Presidente.*
- *Secretario.*
- *Vogal.*

*Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.*

*O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.*

*Designarase en cada caso un membro titular e outro suplente. Todos os membros do tribunal deberán posuír titulación igual ou superior á esixida para o acceso a praza convocada*

*Este órgano non poderá constituírse nin actuar sen estar presentes un número de membros equivalente ou superior á maioría absoluta do número de membros que o compoñen nin sen estar presentes o Presidente e o Secretario. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo no caso de empate o voto de calidade do presidente do Tribunal. A súa actuación axustarase estritamente ás Bases da convocatoria, non obstante, resolverá as dúbidas que xurdan na súa aplicación e poderá tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas Bases. O Presidente da Corporación resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante. Da sesión ou sesións que celebre o tribunal levantarase a oportuna acta. No caso de consideralo necesario o tribunal poderá recabar axuda de asesores, os cales terán voz pero non voto, limitándose a cumprir a función para a que no seu caso sexan designados, asesorando ao Tribunal no momento e sobre as cuestións que especificamente este lle expoña. A abstención e*





## Concello de Lourenzá

*recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*

### **NOVENA.—SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN: CONCURSO - OPOSICIÓN**

*A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, consistindo a primeira fase no concurso e na valoración de situacións que dificultan o acceso ao mercado laboral e a segunda fase na oposición que consistirá nunha ou varias probas determinadas polo tribunal cualificador.*

#### **FASE DE CONCURSO: VALORACIÓN DE MÉRITOS:**

*Esta fase será previa á de oposición e non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para superar a fase de oposición. Os méritos aos que se fai referencia neste apartado deberán posuírse á data de valoración dos mesmos polo Tribunal cualificador, computándose ata a dita data. Non se valorará ningún mérito que non estea presentado correctamente na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.*

*O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos aspirantes, conforme ao sinalado no presente baremo:*

*Puntuación máxima nesta fase: 20 puntos.*

#### **1.- Experiencia profesional: Ata un máximo de 8 puntos.**

*Valorarase a experiencia profesional segundo os seguintes criterios ata un máximo de 8 puntos.*

*No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial, o cómputo total do tempo traballado calcularase segundo a porcentaxe en relación á xornada reflexada no Informe de Vida Laboral.*

*-Por servizos efectivamente prestados en postos de idénticas e/ou similares características e funcións ao emprego que se opta e dependentes dunha Administración Pública: 0,15 puntos por cada mes de servizo ata un máximo de 8 puntos por cada mes de servizo, ou proporcional. No caso de servizos prestados na empresa privada: 0,10 puntos por cada mes de servizo, ou proporcional, ata un máximo de 8 puntos.*

*Os meses consideraranse de 30 días naturais, contados dende o inicio de cada contrato ata a súa data de finalización, a calcularase a parte proporcional do tempo traballado.*

#### **2.- FORMACIÓN**

**Titulacións académicas complementarias: Ata un máximo de 4 puntos.**





## Concello de Lourenzá

*Por posuír titulacións académicas distintas da esixida para participar no proceso de selección. En todo caso, estas titulacións deberán complementar a mínima esixida para acceder á selección e estar directamente relacionadas coas funcións do emprego a desenvolver:*

- Ciclo Medio de FP ou equivalente (FPI): 0,50 puntos cada unha.*
- Ciclo Superior de FP ou equivalente (FPII): 0,75 puntos cada unha.*
- Diplomado Universitario: 1 punto cada unha.*
- Licenciado Universitario: 1,25 puntos cada unha.*
- Título de Grao: 1,50 puntos cada unha.*

**Cursos de formación, xornadas, seminarios, congresos e conveccións en materias relacionadas coas funcións do posto ao que se opta: Ata un máximo de 6 puntos.**

*Por cada curso, xornada, seminario, etc. Directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Sepe, Organizacións Sindicais así como cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia.*

- 1. Por cada curso de ata 30 horas: 0,20 puntos*
  - 2. Por cada curso de 31 a 50 horas lectivas: 0,30 puntos*
  - 3. Por cada curso de 51 a 100 horas lectivas: 0,40 puntos*
  - 4. Por cada curso de 101 a 150 horas lectivas: 0,50 puntos*
  - 5. Por cada curso de 151 a 200 horas lectivas: 0,60 puntos*
- e) Por cada curso de máis de 200 horas lectivas: 0,75 puntos*

*Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas.*

*As publicacións, proxectos, másters propios, seminarios, etc. relacionados coas funcións do posto de traballo valoraranse en función do seu contido e da relación co posto de relevancia para a praza en cuestión.*

#### **4.- CURSOS OFICIAIS DE LINGUA GALEGA OU VALIDACIÓN CORRESPONDENTE: ATA UN MÁXIMO DE 2 PUNTOS.**

*-**Celga 1**, certificado do curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia, certificado de curso de lingua galega para non galego-*





## Concello de Lourenzá

*falantes impartidos polas universidades galegas, certificado do nivel básico dos estudos de galego da UNED: 0,25 puntos*

*-Celga 2, título de graduado escolar, sempre que se estudase toda a EXB ou primaria en Galicia e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos. O certificado do curso de nivel medio de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia. Certificado do nivel medio dos estudos de galego da UNED. Certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego da ESO nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, subscrito entre ambas as dúas comunidades: 0,50 puntos*

*-Celga 3, título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) ou técnico auxiliar (FP1), sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos. O certificado do ciclo inicial de galego expedido polas escolas oficiais de idiomas. Certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego na ESO e no bacharelato nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, subscrito entre ambas as dúas comunidades: 0.75 puntos.*

*-Celga 4, O título de bacharelato (LOXSE ou BUP) ou técnico de FP2, sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos. Certificación do curso de especialización en lingua galega: 1 punto.*

*-Ciclo superior de estudos de galego das Escolas Oficiais de idiomas, Curso medio de Linguaxe Administrativa ou Xurídica galega: 1,50 puntos.*

*-Celga 5, Nivel superior de Linguaxe Administrativa Galega, nivel superior de Linguaxe Xurídica Galega, tradutor especialista en linguaxe xurídica administrativa: 1,75 puntos.*

*-Licenciatura de Filoloxía galega e Filoloxía hispánica, subsección de galego-portugués: 2 puntos.*

*Non poderán, en ningún caso, acumularse as puntuacións polos distintos cursos ou titulacións puntuándose, en consecuencia, polo curso ou titulación de nivel superior.*

### FASE DE OPOSICIÓN:

**Puntuación máxima nesta fase: 25 puntos.**

### PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA

*As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa*





## Concello de Lourenzá

identidade a xuízo do Tribunal Cualificador e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados libremente polo Tribunal.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do órgano de selección e os colaboradores designados por este.

Corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel mínimo de coñecementos esixido para a superación desta proba.

O tribunal poderá realizar as preguntas e aclaracións que considere necesarias sobre a materia obxecto da proba.

O procedemento selectivo consistirá na realización de dúas probas:

- **Proba teórica:** Consistirá en contestar un cuestionario tipo test de 10 preguntas con tres posibles respostas das que só unha será válida, relacionadas coas tarefas e características de cada posto de traballo.
- 

Esta proba valorarase cunha puntuación máxima de **10 puntos**, a razón de 1 punto por cada resposta correcta e non se contabilizarán as respostas erróneas e preguntas non contestadas.

- **Proba práctica:** Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar en cada praza ou posto convocado exposta polo tribunal cualificador e coa duración qu este órgano de selección determine con carácter previo ao seu inicio.

Esta proba valorarase cunha puntuación máxima de **10 puntos**.

### FASE DE ENTREVISTA

A entrevista persoal, versará principalmente sobre coñecementos propios de cada posto, actitudes, dispoñibilidade, e coñecemento persoal dos/as candidatos/as. Realizarase no lugar e data sinalada na convocatoria, e a súa realización terá lugar por chamamento por orde alfabético de nome e apelido dos aspirantes.

Esta entrevista valorarase cunha puntuación máxima de **5 puntos**.

### DÉCIMA.— BOLSA DE TRABAJO

Os aspirantes que teñan superado a fase de oposición pero que non contaron coas mellores puntuacións logo da suma das obtidas na fase de concurso e na fase de oposición e polo tanto non foron seleccionados para as prazas ofertadas pasaran a formar unha lista de reserva por orde de





## Concello de Lourenzá

*puntuación para cubrir eventuais vacantes dos seleccionados durante o período subvencionado que nunca se estenderá mais da data na que remate o programa de reforzo do emprego 2024.*

*O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo co Concello causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato de traballo co Concello volverá causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.*

*A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorra unha das seguintes circunstancias:*

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.*
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.*
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo*

### **UNDÉCIMA.— LUGAR, DATA E CELEBRACIÓN DAS PROBAS**

*Determinarase por Resolución da Alcaldía e farase público no mesmo anuncio que o nomeamento do Tribunal Cualificador.*

### **DUODÉCIMA.— CUALIFICACIÓN FINAL**

*A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e de oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados.*

*Rematado o proceso selectivo, o Tribunal levantará acta coa relación da puntuación obtida por cada aspirante, dando conta da mesma á Alcaldía, que declarará seleccionadas a un total de persoas que nunca superará o total de postos ofertados, publicándose dita puntuación e resultado de selección no taboleiro de anuncios do Concello.*

*A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso-oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados. En caso de empate na puntuación final, o desempate resolverase a favor do/da aspirante que obtivese maior puntuación na fase de oposición. De persistir, o empate resolverase a favor daquel/a aspirante que obtivese maior puntuación na fase de concurso, dirimirase a favor da maior puntuación en experiencia na administración pública, e en segundo lugar a experiencia na empresa privada. De continuar o empate, este dirimirase, tendo en conta o apartado de titulacións académicas complementarias. Se aínda así persiste o empate, este dirimirase con base nos cursos ou outra formación relacionada. De ser o caso, que continua a persistencia do empate, este resolverase se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.*

*O Tribunal aprobará e propondrá para a contratación aos candidatos que máis puntuación obtivesen do*





## Concello de Lourenzá

*máximo posible, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de postos convocados.*

*Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o/a seleccionado/a non asine o contrato no prazo que se lle sinala ou ben renuncie ao posto.*

*Os/as candidatos/as non seleccionados quedarán en reserva por orde de puntuación por se se dese algunha renuncia ou situacións puntuais de baixas por incapacidade laboral temporal da persoa inicialmente seleccionada, e no tempo de duración deste contrato.*

### **DÉCIMO TERCEIRA.—FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABAJO**

*Rematado o proceso selectivo as persoas que acaden as maiores puntuacións en cada posto convocado serán propostas polo tribunal para a formalización da relación laboral co Concello.*

*Os/As aspirantes propostos/-as presentarán na Secretaría do Concello, o día hábil seguinte ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:*

- 1. Copia do DNI.*
- 2. Copia da Tarxeta Sanitaria.*
- 3. Certificado do número de conta bancaria.*

*No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación ou renunciase á mesma, poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral.*

### **DÉCIMO CUARTA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

*Presentada a documentación sinalada no apartado anterior o Presidente da Corporación, fará o nomeamento e formalizará os contratos laborais temporais por circunstancias da produción a favor das persoas propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez días a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.*

*Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.*

### **DÉCIMO QUINTA.—DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.**

*O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios*





## Concello de Lourenzá

*procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.*

*A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, en concordancia coa Lei de Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

*No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.*

### DÉCIMO SEXTA. RECURSOS

*Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación ou recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.*

*Documento asinado electrónicamente á marxe.*

### ANEXO I

*SOLICITUD E PARA TOMAR PARTE NO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO POLO CONCE LLO DE LOURENZÁ PARA A CONTRA TACIÓN EN RÉXIME LABORAL NON PERMANENTE DU N/HA TR ACT OR IS TA*

*D/Dona ..... con D.N.I. nº .....*

*con        enderezo        ..... Localidade        .....*

*Teléfono .....*

### EXPOÑO:

- 1. Que fun convocado polo Servizo Público de Emprego de Galicia para o proceso selectivo para a contratación dun/ha TRACTORISTA*
- 2. Que coñezo e acepto as bases que rexen a dita convocatoria e que reúnen os requisitos esixidos.*
- 3. Que estou capacitado/a para o desempeño do posto e que cumpro os requisitos das bases da*





## Concello de Lourenzá

*convocatoria.*

4. *Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego a seguinte documentación:*

- DNI
- CARNÉ DE CONDUCIR
- TARXETA DE DEMANDANTE DE EMPREGO
- CERTIFICADO DE PRESTACIÓNS, AXUDAS OU NON PERCEPTORES
- CONTRATOS DE TRABAJO
- VIDA LABORAL
- DIPLOMAS OU CERTIFICADOS DE CURSOS
- TITULACIÓN ACADÉMICA
- CELGA
- CERTIFICADO DE MINUSVALÍA DE SER O CASO

5. *Que presento toda a documentación acreditativa dos méritos alegados.*

6. *Declaración formal, baixo xuramento ou promesa de non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación.*

**POR ISO SOLICITO:**

*Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo. O/a abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases:*

*En Lourenzá, a..... de de 2025.*

*Asdo.:*

**SR<sup>a</sup> ALCALDESA DO CONCELLO DE LOURENZÁ**

**ANEXO I-1**

**SOLICITUD E PARA TOMAR PARTE NO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO POLO CONCE LLO DE LOURENZÁ PARA A CONTRA TACIÓN EN RÉXIME LABORAL NON PERMANENTE DU N/HA PEÓ N DE LIMPEZA**

**Concello de Lourenzá**

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

D/Dona ..... con D.N.I. nº .....

con enderezo ..... Localidade .....

Teléfono .....

EXPOÑO:

7. Que fun convocado polo Servizo Público de Emprego de Galicia para o proceso selectivo para a contratación dun/ha PEON DE LIMPEZA

8. Que coñezo e acepto as bases que rexen a dita convocatoria e que reúnen os requisitos esixidos.

9. Que estou capacitado/a para o desempeño do posto e que cumpro os requisitos das bases da convocatoria.

10. Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego a seguinte documentación:

- DNI
- CARNÉ DE CONDUCIR
- TARXETA DE DEMANDANTE DE EMPREGO
- CERTIFICADO DE PRESTACIÓNS, AXUDAS OU NON PERCEPTORES
- CONTRATOS DE TRABAJO
- VIDA LABORAL
- DIPLOMAS OU CERTIFICADOS DE CURSOS
- TITULACIÓN ACADÉMICA
- CELGA
- CERTIFICADO DE MINUSVALÍA DE SER O CASO

11. Que presento toda a documentación acreditativa dos méritos alegados.

12. Declaración formal, baixo xuramento ou promesa de non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación.

POR ISO SOLICITO:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo. O/a abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

*unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases:*

*En Lourenzá, a..... de de 2025.*

*Asdo.:*

**SRª ALCALDESA DO CONCELLO DE LOURENZÁ**

### ANEXO II

#### MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

*D/Dona ..... con D.N.I. nº*

*..... con enderezo Localidade*

*..... Teléfono .....*

#### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

*Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade ou de incapacidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, nin haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público estar separado/a, mediante expediente disciplinario ou do servizo da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou das Entidades Locais nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.*

**En Lourenzá, a ..... de de 2025**

*Asdo.:*

**SRª ALCALDESA DO CONCELLO DE LOURENZÁ**

### ANEXO III

#### TEMARIO MATERIAS COMUNS

*Tema 1. A Constitución Española de 1978: estrutura e contido. Pricipios xerais. Dereitos e deberes fundamentais.*

*Tema 2. Municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. O empadramento.*





## Concello de Lourenzá

*Tema 3. O Municipio. Competencias e organización. Órganos de goberno e administración do municipio.*

*Tema 4. A Provincia. Organización Provincial. Deputacións.*

*Tema 5. Procedemento Administrativo. Os administrados: dereitos e deberes dos cidadáns na normativa do procedemento. Fases do procedemento administrativo común. O deber de resolver e notificar. Rexistros e arquivos. Sistema de revisión dos actos administrativos: recursos administrativos e revisións de oficio.*

*Tema 6. A potestade regulamentaria das entidades locais. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.*

*Tema 7. A Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.*

*MATERIAS ESPECIFICAS RELACIONADAS COAS FUNCÍONS, DESENVOLVEMENTO, FERRAMENTAS, MATERIAIS, MAQUINARIA E TODO AQUILO QUE ATAÑE O BO FUNCIONAMENTO DE CADA POSTO EN CONCRETO.”*

| APROBACIÓN SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DO APROL RURAL 2025 |                                                  |
|----------------------------------------------------------|--------------------------------------------------|
| <b>Favorable</b>                                         | <b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento |

### Resolución:

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU aprobar a seguinte proposta da Alcaldía:

“Vista a ORDE do 05 de Marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G), publicada no D.O.G. núm. 50 do Xoves 13 de Marzo de 2025.

Esta Alcaldía, PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PRIMEIRO.- Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración unha subvención por importe de 49.806,00 € ao abeiro da ORDE do 05 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, para o proxecto de servizo





## Concello de Lourenzá

denominado “TAREFAS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS, LIMPEZA FORESTAL E XESTIÓN DA BIOMASA”.

SEGUNDO.- Que as retribucións salariais brutas dos traballadores e traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e máis as cotizacións empresariais á Seguridade Social, son as da seguinte táboa:

| NÚM. TRAB. | GRUPO COTIZA C. SEG. SOC. | OCUPACIÓN                                 | CNAE 2009 (4 díxito s) /ou OCUPACIÓN (letra ) | CUSTO UNITARIO MENSUAL |                            |                             |                     | CUSTOS TOTAIS            |                               |                 |                         |
|------------|---------------------------|-------------------------------------------|-----------------------------------------------|------------------------|----------------------------|-----------------------------|---------------------|--------------------------|-------------------------------|-----------------|-------------------------|
|            |                           |                                           |                                               | SALARIO BRUTO (1)      | % COT A PATRONAL SEG. SOC. | COTA PATRONAL Á SEG. SOCIAL | TOTAL CUSTO MENSUAL | DURACIÓN CONTRATO EN MES | INDEMNIZACIÓN FIN DE CONTRATO | TIPO XORDAD A % | CUSTOS SALARIAIS TOTAIS |
| 1          | 8                         | TRACTORISTA / CONDUCTOR OPERADOR DE MAQUI | 8411(D)                                       | 1.381,33               | 38,47 %                    | 531,40                      | 1.912,73            | 9                        | 414,40                        | 100 %           | 17.628,95 €             |





## Concello de Lourenzá

|                                                                                                                                                      |   |                              |         |                            |            |                       |                            |   |               |          |                            |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|------------------------------|---------|----------------------------|------------|-----------------------|----------------------------|---|---------------|----------|----------------------------|
|                                                                                                                                                      |   | NARIA<br>FORES<br>TAL        |         |                            |            |                       |                            |   |               |          |                            |
| 1                                                                                                                                                    | 8 | OPERA<br>RIO<br>FORES<br>TAL | 8411(D) | 1.38<br>1,33               | 38,47<br>% | 531,4<br>0            | 1.91<br>2,73               | 9 | 414,40        | 200<br>% | 17.62<br>8,95<br>€         |
| 1                                                                                                                                                    | 8 | OPERA<br>RIO<br>FORES<br>TAL | 8411(D) | 1.38<br>1,33               | 38,47<br>% | 531,4<br>0            | 1.91<br>2,73               | 9 | 414,40        | 100<br>% | 17.62<br>8,95<br>€         |
| <b>TOTAL COSTE EMPRESA</b>                                                                                                                           |   |                              |         | <b>37.2<br/>95,9<br/>1</b> |            | <b>14.34<br/>7,74</b> | <b>51.6<br/>43,6<br/>5</b> |   | <b>828,80</b> |          | <b>52.8<br/>86,8<br/>4</b> |
| <b>TOTAL<br/>SUBVENCIONABLE</b>                                                                                                                      |   |                              |         | <b>11.9<br/>89,6<br/>2</b> |            | <b>4.612<br/>,41</b>  | <b>16.6<br/>02,0<br/>3</b> |   |               |          | <b>49.8<br/>06,0<br/>8</b> |
| @cols<br>=11:<br>(1)<br>Incluíd<br>a a<br>parte<br>propor<br>cional<br>das<br>pagas<br>extrao<br>rdinari<br>as e<br>compl<br>ement<br>os<br>salariai |   |                              |         |                            |            |                       |                            |   |               |          |                            |

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

|                                        |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|----------------------------------------|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|
| s<br>suxeit<br>os a<br>cotizac<br>ión. |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|----------------------------------------|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|

TERCEIRO.- Que esta entidade acepta expresamente as condicións de financiación e demais requisitos establecidos nas bases reguladoras da citada subvención, así como o compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionada ao amparo desta convocatoria ata o importe total da execución prevista, que ascende a un total de 52.886,84 €; sendo a diferenza entre o coste total e o importe subvencionable de 3.080,84 €.

CUARTO.- Facultar á Sr. Alcalde en funcións, D<sup>o</sup>. Javier Huertas Otero, para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

É a miña proposta, non obstante a Xunta de Goberno Local acordará o que estime procedente en Lourenzá, a 31 de Marzo de 2025.

|                                                                                                                                      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>APROBACIÓN SE PROCEDE, DE BASES SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE LOURENZÁ ANUALIDADE 2024</b> |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

|                  |
|------------------|
| <b>Favorable</b> |
|------------------|

|                                                  |
|--------------------------------------------------|
| <b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento |
|--------------------------------------------------|

### Resolución:

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU aprobar as:

**“BASES QUE REXERÁN NO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE LOURENZÁ PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2024**

#### 1. DEFINICIÓN DO OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Constitúe o obxecto desta convocatoria a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrência competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos do Concello de Lourenzá- (enténdase con sede e/ou delegación no propio Concello) - para a realización de actividades deportivas na anualidade de **2024**

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

---

### A. Categoría de axudas á actividade competitiva.

Axudas destinadas a entidades deportivas do Concello de Lourenzá (enténdase con sede e /ou delegación no Concello) que desenvolvan como actividade principal a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas ou entidade recoñecida oficialmente ou con arraigo social e interese constatado e cuxa finalidade é axudar a sufragar os gastos de arbitraje, transporte, material deportivo, gastos federativos (licenzas, seguros, etc) e canons que esta participación xera.

O orzamento financiable componse dos seguintes gastos subvencionables:

Gastos de arbitraje

Gastos de transporte

Gastos federativos

Gastos de material deportivo

Canons

Gastos derivados de asistir á competición

Os gastos de transporte serán subvencionables, primeiro, no caso de ter contratado a un terceiro (coche aluguer, autocar, etc.) ata o importe total soportado pola entidade ou segundo, cando tendo vehículo propio a entidade, os gastos debidamente xustificadas que este orixine e que estean directamente relacionados coa actividade e sexan indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma até un importe máximo que non supere o 30 % do orzamento financiable da actividade.

### B. Categoría de axudas para actividades deportivas

Axudas destinadas a entidades deportivas do Concello de Lourenzá (enténdase con sede e /ou delegación no Concello) que desenvolvan actividades deportivas de carácter permanente e cuxa repercusión incida na promoción e na formación deportiva, con especial incidencia sobre a poboación escolar, maiores, poboación diversa e muller.

O orzamento financiable está composto polos seguintes gastos subvencionables:

Gastos de persoal

Gastos de transporte

Gastos de material didáctico – deportivo

Gastos de vestimenta deportiva

Primas de seguros

Gastos de publicidade





## Concello de Lourenzá

Os gastos de transporte serán subvencionables, primeiro, no caso de ter contratado a un terceiro (coche aluguer, autocar, etc.) ata o importe total soportado pola entidade ou segundo, cando tendo vehículo propio a entidade, os gastos debidamente xustificados que este orixine e que estean directamente relacionados coa actividade e sexan indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma até un importe máximo que non supere o 30 % do orzamento financiable da actividade.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, non se subvencionarán aquelas actividades e actuacións que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

De igual xeito establécese que, cando menos o 5% do custo total da actividade subvencionada, deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

### 2. GASTOS SUBVENCIONABLES

Enténdese por gastos subvencionables o constituído polo custo soportado pola entidade solicitante ou beneficiaria das axudas públicas segundo os gastos subvencionables definidos para cada categoría das finalidades.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por orzamento financiable o constituído polo custo soportado pola entidade solicitante ou beneficiaria das axudas públicas segundo os gastos subvencionables definidos para cada categoría das finalidades. Do mesmo xeito, os gastos serán os estritamente necesarios.

Para os efectos do disposto no artigo 31.1 e 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, considerase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e/ou xustificantes de gasto, debendo acreditar o pagamento.

### 3. REQUISITOS QUE DEBERÁN REUNIR OS BENEFICIARIOS

As entidades beneficiarias perceptoras da subvención terán os dereitos e obrigas:

Poderán acollerse a estas bases aquelas entidades deportivas que no momento da convocatoria o soliciten de acordo co establecido nelas, tendo consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que dentro da finalidade das bases se atope na situación que lexitima a súa concesión.

Visto que no Regulamento de Participación Cidadá deste Concello figura que as Asociacións para poder recibir subvencións do Concello, deben de estar inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Lourenzá.





## Concello de Lourenzá

En xeral, poderán solicitar subvencións ao abeiro destas bases as entidades, clubs e asociacións de carácter deportivo do Concello de Lourenzá (enténdase con sede e /ou delegación no Concello), legalmente constituídas e adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que os destinatarios sexan o conxunto demográfico galego e non exclusivamente os integrantes de colectivos singulares e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases dentro do marco de cada categoría:

Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades ás que fai referencia o punto A das finalidades (actividade competitiva) todos aqueles clubs, asociacións ou agrupacións deportivas do Concello de Lourenzá (enténdase con sede e/ou delegación no Concello) cuxa actividade principal e consubstancial sexa a *participación en competicións organizadas* polas federacións deportivas ou entidade recoñecida oficialmente ou con arraigo social constatado e cuxa finalidade é axudar a sufragar os gastos de arbitrase, transporte, material deportivo e gastos federativos (licenzas, seguros, etc) e canons que esta participación xera.

Poderán solicitar axudas para as accións que fai referencia o punto B das finalidades (actividade deportiva) todos aqueles clubs, asociacións ou agrupacións deportivas con sede e/ou delegación no Concello de Lourenzá que realicen actividades deportivas de CARÁCTER PERMANENTE (duración entre 7 e 12 meses cunha intervención extensiva de carácter semanal) e cuxa repercusión incida na promoción e na formación deportiva. Sendo a finalidade das axudas sufragar os gastos de persoal, transporte, material didáctico - deportivo, publicidade, seguros deportivos e vestimenta deportiva.

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións, quen concorra nalguna das seguintes circunstancias:

Que fose condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

Que solicitase a declaración de concurso voluntario, fose declarado insolvente en calquera procedemento, se atope declarado en concurso, agás que este adquirise a eficacia dun convenio, estiver suxeito a intervención xudicial ou fose inhabilitado conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Que dese lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que desempeñen a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 5 /2006 de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/ 1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou por se tratar de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica





## Concello de Lourenzá

---

5/ 1985 de 19 de xuño, do réxime electoral xeral nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.

Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.

Ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

Non estar ao corrente do pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

Que fose sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións conforme a esta ou a outras leis que así o establezan.

Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 11 desta lei cando concorran algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

As prohibicións de obter subvencións afectarán tamén a aquelas empresas das que, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poida presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas nas que concorresen aquelas.

Atoparse nalgún dos supostos que impidan a obtención da condición de beneficiario sinalados no apartado 3. do artigo 13. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

### 3.a Obrigas dos beneficiarios

Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen ó Concello de Lourenzá, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.

Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

Acreditar ante o Concello de Lourenzá a realización da actuación ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da subvención.

Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o Concello de Lourenzá, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Comunicar ó Concello de Lourenzá a obtención de subvencións/axudas ou patrocinios (sen achega económica) para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou Entes Públicos ou privados, nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza





## Concello de Lourenzá

---

e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Acreditar que se acha ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e fronte á Seguridade Social).

Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, as actuacións que se realicen.

Os perceptores da subvención poderán subcontratar o 100% do importe das actividades obxecto da mesma.

De igual xeito este ano establécese que, cando menos o 5% do custo total da actividade subvencionada, deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

### **Os beneficiarios da subvención incluírán a imaxe corporativa do Concello de Lourenzá.**

Non existirá a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta das subvencións concedidas.

### **3.b Protección de datos de carácter persoal**

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas. A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99 de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

## **4. CARÁCTER DA SUBVENCIÓN**

As Subvencións do Concello de Lourenzá para o ano **2024** terán carácter voluntario e eventual.

O Concello de Lourenzá, por medio do órgano competente, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, se é o caso, revogalas ou reducilas por causas debidamente xustificadas.

A concesión de subvencións para a anualidade de **2024**, non xeran ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

En calquera caso, o Concello de Lourenzá, quedará exento de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

## **5. ORZAMENTO**





## Concello de Lourenzá

A cantidade destinada para a concesión de “SUBVENCÍONS PARA AXUDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PROMOTORAS DO DEPORTE” do ano **2024**, será de SETE MIL EUROS **(7.000,00 €)** con cargo ó orzamento viixente ( aplicación 341.48)

As subvencións do Concello será incompatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, agás que a cantidade subvencionada non alcance o orzamento máximo da actividade, acción ou comportamento. Nese caso poderanse compatibilizar até a contía do devandito orzamento.

A distribución da aplicación nas diversas categorías das finalidades de estas bases quedará constituída en función das necesidades globais da acción subvencionadora do organismo e sempre atendendo ao cumprimento con máxima eficiencia da promoción deportiva na provincia de Lugo.

### 6. CONVOCATORIA

Será aprobada polo órgano competente do Concello de Lourenzá

### 7. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes serán estudadas e resoltas polo órgano competente, tras a proposta formulada por unha comisión de Valoración constituída da seguinte forma:

**PRESIDENTE:**

A Sr. Alcaldesa-Presidenta do Concello ou Concelleiro en quen delegue ou o substitúa legalmente.

**VOGAIS:**

Técnico Municipal de deportes

**SECRETARIO:**

Funcionario da corporación

O Presidente da Comisión poderá dispor a presenza doutros membros con funcións de asesoramento.

Correspóndelle á comisión de valoración formular a proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, debendo facer constar – de xeito expreso – a desestimación do resto das solicitudes, se e o caso, segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación, téndose en conta, así mesmo, para a concesión das subvencións os seguintes criterios de acordo coas diferentes categorías:

Criterios de baremo para a categoría de axudas á actividade competitiva

Modalidade deportiva .....Até 18 puntos

**Concello de Lourenzá**

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

|                                                                            |               |
|----------------------------------------------------------------------------|---------------|
| Categoría .....                                                            | Até 30 puntos |
| Nº de licenzas .....                                                       | Até 30 puntos |
| Resultados deportivos .....                                                | Até 30 puntos |
| Grao de consolidación territorial .....                                    | Até 40 puntos |
| Criterios de baremo para a categoría de axudas para actividades deportivas |               |
| Carga horaria .....                                                        | Até 30 puntos |
| Poboación diana .....                                                      | Até 40 puntos |
| Nº de participantes .....                                                  | Até 30 puntos |
| Cualificación persoal .....                                                | Até 30 puntos |
| Grao de consolidación territorial .....                                    | Até 40 puntos |
| Grao de cobertura e difusión en medios .....                               | Até 30 puntos |

*\*O órgano competente poderá, excepcional e motivadamente, aplicar outros criterios obxectivos que non estean relacionados nos anteriores para a concesión das subvencións.*

### 8. IMPORTE DA SUBVENCIÓN.

A subvención que o Concello de Lourenzá pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa para cada categoría:

| CATEGORÍA                          | IMPORTE MÍNIMO | IMPORTE MÁXIMO |
|------------------------------------|----------------|----------------|
| Axudas á actividade competitiva    | 300 €          | 6.000 €        |
| Axudas para actividades deportivas | 300 €          | 1.000 €        |

A cantidade concedida non é un importe certo, fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada (orçamento financiable), xa que cando menos o 5% da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

En caso de incumprimento do previsto no parágrafo anterior, procederase á redución da parte proporcional da achega económica municipal.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión. Con carácter xeral e orientativo, **o importe da subvención solicitada será entre o 30% e o 75% do orzamento financiable de gastos da actividade.**

O órgano competente só concederá unha axuda a cada actividade para os efectos de que haxa mais dun





## Concello de Lourenzá

---

participante no concurso que solicite axuda para a mesma actividade das presentes bases.

Pódese ratear os importes inicialmente adxudicados ás distintas solicitudes no caso de que o crédito dispoñible resulte insuficiente para atendelas.

### **9. AS SOLICITUDES: Presentación, prazos, lugar de presentación, órgano ao que se dirixe a petición e documentación a presentar**

As solicitudes, dirixidas á Sra.-Alcaldesa Presidenta do Concello, formularanse nos modelos oficiais, que serán facilitados directamente polo Concello: un exemplar da solicitude – xunto coa documentación que se acompañe -, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, quedando outro exemplar en posesión dos interesados.

O prazo de solicitude será dun mes dende a publicación no BOP de Lugo dun extracto das presentes bases a través da Base Nacional de Subvencións .

*\* As entidades poderán solicitar un máximo de UNHA subvención no marco desta convocatoria.*

As solicitudes deben ser subscritas polos peticionarios, acompañándoas daqueles documentos requiridos para cumprir a condición de beneficiario e daqueles outros que conveñan para a definición da axuda solicitada en función das finalidades establecidas nestas bases.

A non presentación da documentación ou omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

Os documentos comúns e necesarios a presentar coa solicitude son:

Certificación orixinal acreditativa da entidade do acordo de solicitude de subvención ó Concello de Lourenzá e do acordo do nomeamento do representante da entidade para as relacións co Concello de Lourenzá.

Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.

Copia compulsada dos estatutos da entidade (Se é a primeira vez que se presenta)

Certificación orixinal da entidade onde faga constar o domicilio social actual e os membros da actual xunta directiva.

Declaración xurada do representante da entidade de ter a entidade que representa a condición de beneficiario.

Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.

Declaración responsable da entidade de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Seguridade Social ) co Concello de





## Concello de Lourenzá

---

Lourenzá e coa Deputación de Lugo.

Copia do CIF da entidade.

Outros documentos específicos e necesarios a presentar coa solicitude, segundo a categoría da axuda á que se concorre son:

Para a categoría de axudas á actividade competitiva:

Certificación da federación correspondente, segundo o modelo normalizado de:

Categoría superior da entidade deportiva.

Categorías inferiores con representación

Nº de licenzas por categoría e total de licenzas.

Nº de equipos por categorías.

Resultados deportivos dos equipos.

Se é o caso, acompañarase certificación federativa do *ranking* federativo dos deportistas da entidade segundo a modalidade deportiva.

Os resultados deportivos serán de carácter definitivo no momento de expedir a certificación: da tempada rematada no ano **2024** ou no caso de que non rematase, resultados deportivos na data de publicación da convocatoria. Esta data só se terá en conta si a tempada non rematase no momento de finalizarse o prazo de presentación de solicitudes.

Certificación do secretario da entidade do orzamento financiable de gastos subvencionables da actividade competitiva segundo o modelo normalizado.

Para a categoría de axudas para actividades deportivas:

Proxecto da actividade programada que debe incluír:

Denominación

Descrición xeral

Xustificación (da actividade, características: fundamentalmente a poboación a quen vai dirixida)

Destinatarios (número e perfil dos participantes (poboación diana))

Localización e cobertura (onde se leva a cabo, de onde son os participantes e nº de horas de actividade)

Obxectivos

Recursos (RRHH: número e titulación, RRMM (inventario do material, diferenciando material





## Concello de Lourenzá

---

funxible e inventariable, RREE: recursos propios do proxecto).

Plan de comunicación e seguimento de medios.

Avaliación dos logros alcanzados.

Orzamento de gastos e ingresos por conceptos da actividade.

Certificación do secretario da entidade dos datos da actividade deportiva acompañando o *planning* horario semanal da actividade deportiva por grupos de participantes.

Certificación do secretario da entidade do orzamento financiable de gastos subvencionables da actividade deportiva.

### 10. PRAZOS DE EXECUCIÓN

O prazo máximo de execución da actividade ou comportamento subvencionado será dende o 1 de xaneiro de **2024 ata** o 31 de decembro do **2024**

En casos excepcionais, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento a xustificar non houbese concluído pola propia natureza da mesma, sendo a súa resolución adoptada polo Concello de Lourenzá, e tendo en conta tamén que a ampliación non exceda da metade deste e sempre que con isto non se prexudiquen dereitos de terceiros.

### 11. RESOLUCIÓN E COMUNICACIÓN

A Xunta de Goberno resolverá definitivamente as subvencións. A resolución, ademais de conter o nome do solicitante ou relación de solicitantes co seu número de solicitude aos que se concede a subvención, fará constar, se é o caso, de xeito expreso a desestimación do resto das solicitudes.

Non se concederá ningunha subvención até que non se xustifiquen axeitadamente subvencións anteriores concedidas polo Concello de Lourenzá

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada, por silencio administrativo, a solicitude de concesión da subvención.

As contías e condicións das subvencións poderán ser modificadas no caso de que resulten alteradas as condicións que se tiveron en conta para a súa concesión.

### 12. XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO DAS SUBVENCIONS

Tendo en conta que a rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario é polo que unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades





## Concello de Lourenzá

---

beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada.

As xustificacións de aboamento das subvencións presentaranse na área de xestión correspondente coa seguinte documentación:

Memoria de actuación xustificativa e custo total da actuación realizada sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicitando o nivel de logros acadados.

Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada, que conterà:

Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes de financiamento.

Relación clasificada dos gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe e data de emisión.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, como mínimo até o importe da subvención concedida. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais, podendo ser devoltos ao beneficiario da subvención, se así o solicita, unha vez seladas (“*estampilladas*”) polo órgano xestor.

Declaración responsable da entidade de que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado.

Declaración responsable da entidade dos datos da relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade, segundo o modelo normalizado.

Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Seguridade Social) así como co Concello de Lourenzá e a Deputación Provincial de Lugo.

Declaración responsable da entidade de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, segundo o modelo normalizado.

Certificación bancaria da entidade, expedida por persoa autorizada da entidade bancaria, da conta na que se ingresará – de ser o caso – a correspondente subvención unha vez tramitada a documentación presentada.

Se é o caso, declaración responsable do representante da entidade de que a entidade que representa está asumindo o custo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), derivado dos gastos subvencionables da actividade, acción ou comportamento para a que solicita subvención, por non ter a posibilidade de





## Concello de Lourenzá

---

compensalo ou recuperalo.

**Acreditación**, se é o caso, coa achega dos documentos necesarios, de que a **imaxe corporativa** do CONCELLO DE LOURENZÁ se inseriu na publicidade da actividade ou comportamento.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á seguridade social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

### 13. PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade, en calquera caso, o prazo rematará o **30 de xuño de 2025**. Para os casos establecidos na base 10ª no parágrafo II, este prazo poderá modificarse atendendo á excepcionalidade e motivación que fundamente a modificación do prazo de execución, do xeito que o prazo de xustificación sexa coherente coa resolución adoptada. Transcorrido este prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante a área de xestión competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a revogación da subvención

### 14. REDUCIÓNS

Unha vez recibida a conta xustificativa a área de xestión competente revisará a documentación presentada polos beneficiarios comprobando o cumprimento das condicións que motivaron a resolución da concesión da subvención.

No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, procederase a redución da subvención concedida até que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificado polo beneficiario non alcance o importe da subvención concedida, reducirase a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.

Dado que a actuación deberá ser financiada polo beneficiario cando menos no 5%, si do custo da actividade subvencionable se deduce que os recursos propios non chegan a esa porcentaxe, reducirase a subvención ata que os recursos propios supoñan o 5% esixido.





## Concello de Lourenzá

Nestes casos, as reducións practícaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento previo informe da área de xestión competente.

### 15. SUPOSTOS DE REINTEGRO

No caso de que o beneficiario incorra nalgunha anomalía para obter a subvención ou incumprimento da natureza da actividade total ou parcialmente, así como o incumprimento do contido das bases para a concesión destas, a entidade deberá proceder ao reintegro das cantidades percibidas. Por causa xustificada, poderá accederse á petición que se formule polos beneficiarios, sobre modificación total ou parcial da actividade programada e que, se é o caso, non poida ser executada de forma orixinaria, e a súa resolución será adoptada polo mesmo Órgano que outorgou a subvención.

### 16. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

As bases íntegras desta convocatoria aparecerán publicadas na páxina web do concello de Lourenzá e un extracto das mesmas no BOP de Lugo a través da Base Nacional de Subvencións

### 17. OUTRAS DISPOSICIÓNS

No non previsto nestas "BASES" estarase ao disposto en:

A Lei estatal 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións

R. D. 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións.

Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia"

| APROBACION DE RELACIÓN DE FACTURAS |                                                  |
|------------------------------------|--------------------------------------------------|
| <b>Favorable</b>                   | <b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento |

#### Resolución:

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| Visto os expedientes tramitados para o pago das facturas e liquidacións que a continuación se relacionan que suman todas elas o importe total de 10.107,49 €: |                    |          |         |              |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|----------|---------|--------------|
| NOME E NIF/<br>ACREEDOR                                                                                                                                       | N.º DE FRA. E DATA | CONCEPTO | IMPORTE | IVA INCLuíDO |

## Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

|                                               |                                         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |             |             |
|-----------------------------------------------|-----------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|-------------|
| JOSÉ<br>ANTONIO<br>GARCÍA<br>SANTE            | 7<br>19/02/<br>2025                     | Desbrozar suelo e talud en 11,5 km de pistas en<br>A Cazolga                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   | 276<br>5,00 | 3345,<br>65 |
| CONSTRUE<br>LECTRIC<br>SYSTEMS<br>GALICIA ,SL | EMIT2<br>025-04<br>19/02/<br>2025       | Análise e diagnóstico da situación inicial e<br>proposta de actuacións, elaborando a<br>documentación técnica precisa para concorrer a<br>terceira convocatoria de subvencións para<br>proxectos de mellora da eficiencia do ciclo<br>urbano da auga (PERTE de dixitalización do ciclo<br>urbano da auga) así como a asistencia na<br>preparación da documentación administrativa<br>requirida | 262<br>0,60 | 3170,<br>93 |
| LIMPERGAL<br>, SL                             | RES/<br>9101/2<br>025<br>31/01/<br>2025 | RECOGIDA Y GESTIÓN RESIDUOS PUNTO LIMPIO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | 326<br>4,46 | 3590,<br>91 |

En virtude do disposto no artigo 185 do RD 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título Sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, a **Xunta de Goberno Local** por unanimidade dos seus membros **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar as facturas e liquidacións relacionadas mais arriba, autorizando os gastos, dispoñendo os créditos e recoñecendo as obrigas polo importe que figura nas mesmas e que que ascende a contía total de 10.107,49 €.

SEGUNDO.- Dar traslado de dito acordo os departamentos correspondentes ós efectos da súa tramitación.

|                                                                                                                                                         |                                                  |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------|
| <b>APROBACIÓN SE PROCEDE, DE LIQUIDACIÓN DE TASAS POR UTILIZACIÓN DE TASAS POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA 3T 2024- R CABLE Y TELECABLE (EXPTE. 469/2024)</b> |                                                  |
| <b>Favorable</b>                                                                                                                                        | <b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento |

### Resolución:

De conformidade co establecido no art. 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de





## Concello de Lourenzá

novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e sen prexuízo da decisión final que adopte o órgano competente, elévase a seguinte proposta de resolución,

### FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Visto o escrito presentado o 22/10/2024 con número de rexistro de entradanúm.1718 por D. David Pérez Renovales con D.N.I. núm. 33.500.015D, en representación de R CABLE TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.U. con C.I.F.A-15.474.281 e domicilio a efectos de notificacións na rúa Real núm. 85 de A Coruña, no que solicita que se practique a liquidación da taxa por ocupación de subsolo, solo e voo polos ingresos brutos obtidos por servizos de telecomunicacións no municipio no terceiro trimestre de 2024 e que ascenden á cantidade de catro mil catrocentos sesenta e tres euros con sesenta e sete céntimos (4.463,67).

Visto que R CABLE TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.U foi adxudicatario da concesión administrativa para a prestación do servizo de telecomunicacións por cable nas demarcacións territoriais de Galicia e Santiago de Compostela.

### TEXTO DISPOSITIVO DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

- Aprobar a liquidación da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo do dominio publico local, segundo a cal deberá abonar sesenta e séis euros con noventa e cinco céntimos (66,95.-) o cal supón o 1,5% dos ingresos brutos que ascenden á cantidade de catro mil catrocentos sesenta e tres euros con sesenta e sete céntimos (4.463,67).

| APROBACIÓN SE PROCEDE, DE LIQUIDACIÓN DE TASAS POR UTILIZACIÓN DE TASAS POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA 4T 2024- R CABLE Y TELECABLE (EXPTE. 104/2025) |                                           |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------|
| Favorable                                                                                                                                        | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |

### Resolución:

De conformidade co establecido no art. 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización ,Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e sen prexuízo da decisión final que adopte o órgano competente, elévase a seguinte proposta de resolución,

### FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO





## Concello de Lourenzá

Visto o escrito presentado o 15/01/2025 con número de rexistro de entrada núm.72 por D. David Pérez Renovales con D.N.I. núm. 33.500.015D, en representación de R CABLE TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.U. con C.I.F.A-15.474.281 e domicilio a efectos de notificacións na rúa Real núm. 85 de A Coruña, no que solicita que se practique a liquidación da taxa por ocupación de subsolo, solo e voo polos ingresos brutos obtidos por servizos de telecomunicacións no municipio no cuarto trimestre de 2024 e que ascenden á cantidade de oito mil setecentos noventa e seis euros con noventa e cinco céntimos (8.796,95).

Visto que R CABLE TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.U foi adxudicatario da concesión administrativa para a prestación do servizo de telecomunicacións por cable nas demarcacións territoriais de Galicia e Santiago de Compostela.

### TEXTO DISPOSITIVO DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

- Aprobar a liquidación da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo do dominio público local, segundo a cal deberá abonar cento trinta e un euros con noventa e cinco céntimos (131,95.-) o cal supón o 1,5% dos ingresos brutos que ascenden á cantidade de oito mil setecentos noventa e seis euros con noventa e cinco céntimos (8.796,95.-).

| <b>APROBACIÓN SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE SUBVENCION E<br/>APROBACIÓN DE PROXECTO INTEGRAL DE DIGITALIZACIÓN DO CICLO<br/>INTEGRAL DA AUGA (EXPTE 29/2025)</b> |                                                  |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------|
| <b>Favorable</b>                                                                                                                                                | <b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento |

### Resolución:

Vista la Orden TED/934/2022, de 23 de septiembre, por la que se aprueban las bases reguladoras de la concesión de ayudas por concurrencia competitiva para la elaboración de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua y la primera convocatoria de subvenciones (2022) en concurrencia competitiva de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua (PERTE digitalización del ciclo del agua), en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Vista la Orden TED/919/2023, de 21 de julio, por la que se modifican las bases reguladoras de la Orden TED/934/2022, de 23 de septiembre, por la que se aprueban las bases reguladoras de la concesión de ayudas por concurrencia





## Concello de Lourenzá

competitiva para la elaboración de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua y la primera convocatoria de subvenciones (2022) en concurrencia competitiva de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua (PERTE digitalización del ciclo del agua), en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia; y se aprueba la segunda convocatoria de subvenciones (2023).

Visto el extracto de la Resolución de la Secretaría de Estado de Medio Ambiente por la que se aprueba la tercera convocatoria de subvenciones (ejercicio 2024), en concurrencia competitiva de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua (PERTE Digitalización del Ciclo del Agua), en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Visto el **Acuerdo de fecha 5 de febrero de 2025, de constitución formal de agrupación sin personalidad jurídica de las entidades locales de Ayuntamiento de Vegadeo, Taramundi, San Tirso de Abres, Castropol, Barreiros, A Pontenova, Alfoz, Meira, A Fonsagrada, Lourenzá y Abadín**, con el fin de concurrir, de manera conjunta, a la citada Resolución de convocatoria para desarrollar el proyecto: *"Proyecto integral de digitalización del ciclo integral del agua en los ayuntamientos de Vegadeo, Taramundi, San Tirso de Abres, Castropol, Barreiros, A Pontenova, Alfoz, Meira, A Fonsagrada, Lourenzá y Abadín"*

Dadas las necesidades observadas en el sistema de abastecimiento de agua del municipio, con elevadas pérdidas de agua, numerosas y continuas averías, así como la escasa información relativa al sistema disponible en tiempo real, se considera urgente realizar actuaciones con el propósito de conseguir un uso más eficiente del agua, de mejorar la gestión del abastecimiento y de lograr niveles de ahorro que sean evaluables.

En base a lo anterior y en uso de las atribuciones que están conferidas, de conformidad con el artículo 23 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local,

### ACUERDA:

**Primero.-** Ratificar el acuerdo de 5 de febrero de 2025, de Agrupación de Entidades con el objeto de constitución formal de una agrupación sin personalidad jurídica de entidades con el fin de concurrir, de manera conjunta, a la citada Resolución de convocatoria para desarrollar el proyecto: *"Proyecto*





## Concello de Lourenzá

*integral de digitalización del ciclo integral del agua en los ayuntamientos de Vegadeo, Taramundi, San Tirso de Abres, Castropol, Barreiros, A Pontenova, Alfoz, Meira, A Fonsagrada, Lourenzá y Abadín*". Si bien queda condicionada a la concesión de la subvención solicitada, y en su caso, a lo estipulado en la resolución de concesión

**Segundo.-** Aprobar el proyecto **"Proyecto integral de digitalización del ciclo integral del agua en los ayuntamientos de Vegadeo, Taramundi, San Tirso de Abres, Castropol, Barreiros, A Pontenova, Alfoz, Meira, A Fonsagrada, Lourenzá y Abadín"** a desarrollar por la agrupación de entidades constituida a través del Acuerdo firmado con fecha 5 de febrero de 2024.

**Tercero.-** Solicitar la subvención al amparo de la Orden TED/934/2022 y la Orden TED/919/2023 por la que se aprueban y modifican respectivamente las bases reguladoras de las ayudas para la elaboración de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua, con el compromiso de realizar el Proyecto si es subvencionado y de cumplir las obligaciones establecidas en las bases y la convocatoria de dichas ayudas.

El Ayuntamiento de Lourenzá ejecutará las actuaciones enunciadas a continuación, detalladas en la Memoria Técnica del Proyecto, con un presupuesto total previsto de 498.921,51€, siendo subvencionable en su totalidad:

- Plan de emergencia ante situaciones de sequía en Lourenzá
- Protocolo de control y vigilancia de la calidad del agua en Lourenzá
- Plan sanitario del agua en Lourenzá
- Plan integral de gestión de los sistemas de saneamiento en Lourenzá
- Plan para el fomento del agua regenerada en Lourenzá
- Plan municipal de protección civil frente a inundaciones en Lourenzá
- Estudio para el diagnóstico, el control y la gestión de las fugas estructurales en Lourenzá
- Plan director de abastecimiento en Lourenzá
- Modelización cartográfica de las redes de abastecimiento y saneamiento en Lourenzá
- Mejora de la eficiencia y digitalización de la red de conducta en alta en





## Concello de Lourenzá

---

### Lourenzá

- Mejora de la eficiencia y digitalización de la red de conducta en baja en Lourenzá
- Mejora de la eficiencia y digitalización sistemas de saneamiento y depuración en Lourenzá
- Digitalización de puntos de vertido de aguas residuales en Lourenzá
- Mejoras técnicas en los sistemas de abastecimiento y saneamiento en Lourenzá
- Herramientas de comunicaciones IoT en Lourenzá
- Instalaciones con energías renovables en Lourenzá
- Desarrollo de portal WEB para información pública en Lourenzá
- Despliegue de plataforma WEB en Lourenzá

**Cuarto.-** Dar cuenta de este acuerdo al Pleno del Ayuntamiento en la próxima sesión que celebre.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 76YMACOPM7HCYJFTXQHHP4T  
Corrección: <https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestona esPublico | Páxina 50 a 50

